

# Recuperan o pasado cultural e lingüístico de Terras de Melide

Unha campaña de normalización lingüística, conxunta coa Ulloa, repartirá 500 calendarios



García (no centro á esq.) xunto ós representantes municipais na presentación. Foto: A.

**MAR TOLEDO**  
Melide

O servizo lingüístico que comparten os Concellos de Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei presentou no día de onte, en rolda de prensa, a campaña de pro-

moción do uso do galego e a posta en valor do patrimonio comarcal *Terras de Melide e A Ulloa. Antes e agora en galego*; coa que está a colaborar a Consellería de Cultura por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No acto estivo a rexedora de Melide, Ánxeles Vázquez, o alcalde de Toques José Antonio Castro, o tenente de alcalde de Palas Amando Sange, e o técnico responsable do servizo lingüístico Xaquín Vázquez. Ademais contaron coa pre-

senza do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, que alabou este traballo impulsado de xeito conxunto como “mostra de colaboración e de cooperación das administracións na dinamización da lingua galega”, sinalou.

Pola súa banda, Ánxeles Vázquez destacou a labor deste servizo de cooperación entre distintas vilas de diferentes provincias que “con pouco está sacando adiante grandes cousas”.

A través da campaña Terra de Melide e A Ulloa vanse distribuir un total de 500 calendarios cos que darán a coñecer o patrimonio medieval artístico e lingüístico de Melide, Toques, Santiso e Palas de Rei.

O obxectivo desta iniciativa de normalización lingüística consiste en “difundir e poñer en valor entre a cidadanía este pasado cultural das comarcas da Terra de Melide e A Ulloa”, coincidiron os rexedores, incidindo na importancia da promoción social do uso da lingua propia de Galicia e no feito de que durante séculos, “o galego foi unha lingua plenamente normalizada nestes territorios”. Sobre isto dende Política Lingüística fixeron fincapé na abundosa documentación que amosa o uso do galego en todos os ámbitos e por todas as clases sociais: na administración, no eido notarial, nos mosteiros, etc.



Os asinantes da iniciativa, onte en Carballo. Foto: R. Blanco

## O Club de Debate reunirá este ano a nove concellos e douscentos estudantes

Fomentará o galego e o pensamento crítico, e a fase final será en Carballo o 26 de abril

**Carballo.** Os concellos de Ames, O Carballiño, Carballo, Ferrol, Negreira, Pontevedra, Rois, Santiago de Compostela e Teo porán en marcha, por cuarto ano consecutivo, un Club de Debate para o fomento da lingua e o pensamento crítico. Na iniciativa participarán máis de 200 estudantes repartidos en 23 equipos dos nove concellos, os cales debaterán nos próximos meses sobre temas diversos.

A competición organiza-se en tres fases e nunha final. A primeira fase de zona terá lugar na casa de cultura de Bertamiráns (Ames) o 27 de febreiro, e nela deba-

tirán oito equipos de Ames, Santiago e Rois. As outras dúas fases terán lugar o sábado 7 de marzo no Pazo da Cultura e en Carballiño.

Nesta edición, a final celebrárase en Carballo o día 26 de abril, onde onte se asinou o acordo de colaboración entre os impulsores. O tema escollido é *Herdamos o galego, queremos transmitirlo*. Á final chegarán 6 equipos, formado cada un deles por entre 4 e 10 estudantes.

O Club de Debate é un proxecto xestionado polos servizos de normalización lingüística dos nove concellos, e procura favorecer o uso da lingua galega por parte da mocidade, especialmente de xeito oral e tanto en contextos formais como informais. **J. M. RAMOS**

## SORTEO DUNHA FIN DE SEMANA PARA DÚAS PERSOAS NO GRAN HOTEL LA TOJA

**ME** MilladoiroVirtual  
tu web local  
[www.MilladoiroVirtual.com](http://www.MilladoiroVirtual.com)

**BE** BertamiránsVirtual  
tu web local  
[www.BertamiransVirtual.com](http://www.BertamiransVirtual.com)

Convidante a participar no sorteo dunha **FIN DE SEMANA TODO INCLUÍDO** para dúas persoas no **GRAN HOTEL LA TOJA** (O Grove, Pontevedra) os días **9 ao 10 de maio de 2015**

Máis información nas nosas páxinas web

>> **NOVA SECCIÓN DE ECONOMÍA** Para ti que queres estar informado da actualidade económica



Mercedes-Benz

**Louzao**

Disfruta dun vehículo Mercedes-Benz para a fin de semana.



  
Gran Hotel La Toja

**PARA PARTICIPAR, VISÍTANOS**

[www.BertamiransVirtual.com](http://www.BertamiransVirtual.com)

[www.MilladoiroVirtual.com](http://www.MilladoiroVirtual.com)